

ESTA SEMANA VIAXAMOS A... O MUSEO DE HISTORIA NATURAL DE LONDRES

Neste link podedes facer a visita virtual ao museo:

https://artsandculture.google.com/streetview/the-natural-history-museum/JQF3coVswSVUw?sv_lng=-0.1775508917899629&sv_lat=51.4962717853203&sv_h=161.676409901756&sv_p=-2.7692096836193962&sv_pid=mzhh_A0HR-71m5uJhM0A5g&sv_z=1.4872940482141868

Actividade 1

Na páxina principal a dereita aparece unha icona dunha persoa. Pincha nela e accederás ao interior do museo.

A nosa visita comeza no recibidor do edificio cun enorme resto de dinosourio a tamaño real. Fai un debuxo do mesmo na túa libreta e redacta unha breve descripción (10 líneas) sobre os dinosourios.

Punto extra: serías capaz de adiviñar que dinosourio é o do recibidor????

Actividade 2

Na visita ao museo, a profe di que podedes permanecer 15 min neste recibidor para apreciar e visualizar o que aí hai, "podedes, ao moito, chegar aos dous extremos das escaleiras" di ela.

Algúns nenos subiron as escaleiras polo extremo da cola do dinosourio e encontráronse coa estatua de CHARLES DARWIN. Poderíades buscar información sobre el e explicar por que é tan importante neste museo?

Actividade 3

Fai un plano do edificio e explica cantas salas podes visitar e que tipo de animais hai en cada sala. Recorda que as salas distribúense dende o recibidor do dinosourio e as salas as podes encontrar nas ventaniñas de abaixo

Actividade 4

Nesta actividade propoñemosvos dúas opcións, escollede a que máis vos guste e coidade a caligrafía e ortografía.

- Imaxinade que sodes guías turísticos do museo. Facede un comic explicando o que podedes atopar nas salas que máis vos gustasen e a súa importancia. (As personaxes poden ser reais ou ficticias)
- Imaxinade que sodes guías turísticos do museo. Grabádevos explicando o que podedes atopar nas salas que máis vos gustasen e a súa importancia. (Podedes poñer fotos no ordenador e que vos graben co mobil sinalando e explicando as distintas salas)

Actividade 5

Coa visita ao museo podemos facernos unha idea do noso pasado, por exemplo, a existencia dos dinosaurios. Imaxínade que puiderades gardar nun cofre algún obxecto ou foto da actualidade cunha mensaxe explicando a súa importancia.. Pensade que dentro de 200 anos as persoas que habiten a Terra poidan abrir o cofre e descubrir como vivimos nós. Que gardaríades e escribiríades?

Propoñemos que decoredes una caixa de cartón como un cofre e dentro coloquedes unha foto, debuxo ou manualidade do que gardaríades e que escribades a mensaxe explicando a súa importancia con tinta invisible.

Sabedes como se fai?

Material:

- Un pincel ou bastonciño de algodón
- Un folio branco
- Limón
- Auga

Instrucións:

1. Exprime un limón nunha taza e engade unha cucharada de auga
2. Mestura coa axuda do pincel ou bastonciño
3. Escribe a mensaxe no papel e deixao secar
4. Coa axuda dun adulto pon unha vela debaixo (non moi preto do papel) e poderás ler a túa mensaxe.

Actividade 6

Este museo encóntrase na cidade de Londres. Imos a investigar un pouco sobre esta capital.... Para isto será necesario confeccionar un mural ou lapbook con toda a información e imáxenes que atopas (recorda que as imaxes non teñen que ser impresas, os debuxos creados por vos son sempre máis valiosos)

Averiguade:

- sitúao nun mapa de Gran Bretaña
- número de habitantes
- Río que atravesa a cidade e a súa lonxitude
- Relixións que predominan
- Monumentos emblemáticos

Actividade 8

Coñecedes algún cantante ou grupo famoso de Londres? E algunha película de debuxos animados na que aparezcan lugares famosos de Londres? Averiguade e contadenos un pouco sobre eles.

PROXECTO ALXEN POLO MUNDO

Actividade 9: EN INGLÉS (PARA NAIARA)

- Escríbide en inglés o nome de 5 animais que atopachedes na visita ao museo.
- Busca unha receita dalgunha comida famosa de Londres e escribe en inglés os ingredientes que leva. Por exemplo o famoso almorzo británico que é moi diferente ao noso “the British breakfast”:
- **Só para o alumnado de 6º:** Escribe tres oracións empregando o comparativo para expresar as diferenzas entre as comidas típicas de Londres e Galicia. Por exemplo: *Galician breakfast is healthier than London breakfast.*
- **Só para o alumnado de 5º.** Averigua qué deportes son famosos en Londres e escribe tres oracións empregando o presente continuo (co suxeito e pronome que queirades).